



## CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN NO VI MERCADO DO LIBRO. PRAZA AURELIO AGUIRRE O 24 E 25 DE MAIO DE 2025

**Entidade promotora:** Departamento de Comercio do Concello de Santiago de Compostela.

**Participantes:** Librerías, editoriais e ilustradores.

**Datas e lugar de celebración:** 24 e 25 de maio de 2025. Praza Aurelio Aguirre.

**Horario:** Sábado 24, de 11h. a 14:00h e de 17:00h. a 21:30h. Domingo 25, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:30h.

### 1. A iniciativa e as súas características

O **VI Mercado do Libro** celebrarase os días 24 e 25 de maio de 2025, coincidindo coa Festa do Banquete que promove o Concello de Santiago.

O mercado contará con actividades complementarias de dinamización. Os expositores e expositoras poderán propoñer ao Concello a realización de actividades como recitais, breves presentacións literarias ou artísticas e similares.

### 2. Espazo expositivo e solicitude de participación

**2.1.** Poderán expoñer librarías, así como editoriais e outros sectores vinculados ao mundo do libro e da ilustración. No sector da ilustración, poderanse expoñer só produtos relacionados co sector editorial e en papel, quedando excluídos produtos de decoración, *merchandising* e similares. Todos deben ter capacidade para exhibir e vender.

**2.2.** O mercado instalarase en carpas *tipo khaima* de 5 x 5 metros, de uso compartido por máis dunha persoa expositora. O espazo dispoñible permite ata un máximo de 20 postos cunha superficie de 4 metros cadrados. Co ánimo de dar uniformidade á estética do mercado e ofrecer unha imaxe coidada do seu conxunto, proporcionarase aos expositores mesas para expoñer os seus produtos, 2 caixóns de madeira e máis 2 cadeiras.

**2.3.** A solicitude de participación formularase consonte as instrucións do Servizo de Mobilidade e Circulación para a ocupación da vía pública. A ocupación está suxeita á taxa prevista na Ordenanza reguladora de ocupacións de vía pública e deberá ser aboada polas persoas solicitantes nos termos indicados nas citadas instrucións.

**2.4.** O prazo de presentacións de solicitudes comezará o día da publicación da convocatoria na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela e finalizará o **5 de maio de 2025**.

**2.5.** O criterio de selección será a orde de entrada en rexistro, dándosele prioridade ás persoas solicitantes con enderezo social no municipio de Santiago de Compostela.

**2.6.** As persoas interesadas poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no seguinte contacto: [comercio@santiagodecompostela.gal](mailto:comercio@santiagodecompostela.gal).

### **3. Atención dos postos. Montaxe e recollida. Vixilancia. Distribución de postos.**

**3.1.** O persoal de montaxe e atención ao público do mercado deberá estar regularizado. Será tamén responsabilidade directa das persoas expositoras o estrito cumprimento da normativa que regula a venda polo miúdo.

**3.2.** A montaxe realizarase o sábado día 24 de maio en horario de 09:00 a 10:45h. A montaxe e decoración dos postos debe estar necesariamente rematada ás 11:00h., momento da apertura ao público.

A recollida realizarase o domingo día 25 de maio, inmediatamente despois do peche ao público (19:30h).

**3.3.** O mercado contará con vixilancia nas horas de peche do mediodía (14:00 a 17:00h), e con vixilancia xurada durante a noite do sábado ao domingo. O Concello de Santiago non se fai responsable da deterioración ou posibles furtos que se poidan producir durante o horario de apertura ao público. Será responsabilidade das persoas expositoras a atención permanente dos seus postos.

**3.4.** A distribución dos postos será realizada polo Concello de Santiago na procura do beneficio do conxunto do mercado e atendendo a criterios de tipo de produto e outras consideracións técnicas que se consideren oportunas.

**3.5.** Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.